

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2022

Benqueridas amigas-as

A comezos do ano 2006, o Partido Popular de Galicia afrontaba un reto de enorme complexidade, despois de ter que deixar a Xunta de Galicia a pesares de lograr unha abultada vitoria nas eleccións autonómicas -a falta dun só deputado da maioría absoluta-; e mentres o PSOE se atopaba no Goberno de España e cun presidente no ecuador aínda do seu primeiro mandato.

O presidente do PP de Galicia e fundador do PP nacional, Manuel Fraga, tomaba a decisión de deixar paso a unha nova xeración de políticos, na que tiña a honra de atoparme. Suceder a un pai da Constitución que levaba 16 anos de presidente da Xunta e que viña de gañar por quinta vez as eleccións galegas supuxo un desafío enorme que non podería ter afrontado sen a túa axuda e sen a de todos os militantes do partido, que con gran xenerosidade, me tedes outorgado a vosa confianza durante todos estes anos, con catro maiorías absolutas consecutivas logradas pola militancia do PPdeG.

Neste momento, a política que se practica en España nos coloca ante desafíos igual de complexos que os que afrontamos entón. Nun momento de extraordinarias dificultades, tras unha pandemia, cunha inflación galopante e coas consecuencias dunha guerra ás portas de Europa, temos un Goberno en Madrid inestable e preocupado por riba de todo na súa supervivencia. Un Executivo socialista que cimenta a súa continuidade nos seus socios populistas e nas alianzas con forzas independentistas, que rexeitan ata o noso modelo de Estado.

E ante iso temos a obriga de configurar un novo equipo que leve as rendas do noso partido e o volva a situar como unha alternativa útil e responsable, ao servizo dos españois.

En 2005 din un paso ao fronte para dirixir o noso partido nun momento difícil para o PP en Galicia. Agora, como sabes, teño dado un paso adiante para dirixir a nosa organización nun momento complexo para o PP a nivel nacional, e tamén para España.

Como sabes, estatutariamente non é posible compaxinar a presidencia do PP nacional e a do PP de Galicia, así que a través desta carta quero que tomes constancia da miña renuncia, con data 1 de abril de 2022.


Renuncio á honra de ser presidente do PP de Galicia, pero manteño o orgullo de seguir a ser militante deste partido na terra onde nacín e que me ten dado todo o que teño, e para a que seguirei traballando dende a nova responsabilidade que asumo a nivel nacional.

Temos un partido cun enorme capital humano e político, con persoas preparadas, cunha gran implantación territorial, cunha militancia activa e cunha traxectoria de éxitos que estou seguro de que se van seguir producindo no futuro. Somos o partido que máis se parece a Galicia e imos a seguir ofrecendo aos galegos o mellor de nós mesmos.

O primeiro partido de Galicia está onde debe: liderando o Goberno autonómico, ofrecendo certezas ante os problemas, xerando estabilidade na sociedade galega e española, respectando a Constitución e o Estatuto de Autonomía, procurando consensos e traballando con intensidade para estar á altura dos cidadáns aos que representamos.

Estou orgulloso deste partido e agora póño-me a disposición de toda España como sempre o estiven de Galicia. Emprendo esta nova etapa sabedor de que conto co teu apoio e convencido de que precisamos do traballo de todos para canto antes lograr un Goberno mellor para España, que defenda os intereses xerais e sirva a todos os españois.

Debemos artellar unha alternativa que permita contar co mellor Goberno ao servizo dos españois e dos galegos, e o meu compromiso é dedicar dende xa todo o meu esforzo para logralo.



D. NÚÑEZ FEIJÓO
Alberto Núñez Feijóo

GRACIAS POR TODO.
SEGUIMOS TRABALLANDO !!